# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI PLURILINGÜE FONTE DÍAZ
CURSO: 5º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: EDUCACIÓN ARTÍSTICA
DATA: 07/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| **B2-2.** Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. | **B2-2.4.** Organiza o espazo das súas producións bidimensionais utilizando conceptos básicos de composición,equilibrio e proporción. |
| **B2-3.** Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diferentes materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis adecuadas para a realización da obra planeada. | **B2-3.1.** Utiliza as técnicas debuxísticas e/ou pictóricas máis adecuadas para as súas creacións manexando os materiais e<br>instrumentos de maneira adecuada, coidando o material e o espazo de uso. |
| **B2-5.** Imaxinar, debuxar e elaborar obras tridimensionais con diferentes materiais. | **B2-5.1.** Confecciona obras tridimensionais con diferentes materiais planificando o proceso e elixindo a solución máis adecuada aos seus propósitos na súa produción final. |
| **B3-1.** Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea ao alumno relacionándoos cos conceptos xeométricos contemplados na área de matemáticas coa aplicación gráfica dos mesmos. | **B3-1.11.** Analiza a realidade descompoñéndoa en formas xeométricas básicas e trasladando a mesma a composicións bidimensionais. |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>A través da observación sistemática e da análise das producións do alumnado. |
| | Instrumentos:<br>Mediante propostas de traballos individuais como láminas ou manualidades suxeridas pola mestra. |
| **Cualificación final** | Considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grado de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie o alumnado. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Repaso e reforzo |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Neste caso, a todo o alumnado lle é posible acceder a todos os traballos que enviamos por contar con acceso a Internet de forma permanente ou puntual. |
| **Materiais e recursos** | Plataforma de Google Classroom. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Informamos mediante a plataforma AbalarMobil, a través da páxina web, empregando a dirección de correo electrónico ou mediante chamada telefónica, de ser o caso. |
| **Publicidade** | A través da páxina web do centro. |